

## A historia de Ana

No meu instituto, os rapaces non é que sexan unha preciosidade precisamente ...

Eu estaba no patio, coas miñas amigas Yaiza e Eva, e como me aburría moito optei por mirar aos rapaces de cuarto. Eses si que estaban moi ben.

De tanto mirar empézome a fixar nun... Un rapaz moi guapo, dous anos maior ca min, co pelo louro e os ollos marróns escuros. Pero de tanto miralo un pouco embobada, el miroume e, evidentemente, deuse conta, e cando eu me din conta daquel encontrón de miradas, xirei rapidamente a cabeza, morta de vergonza. Explíqueillo ás miñas amigas que (ao igual ca min) nunca falaran con rapaces tan maiores. Non souberon que dicirme á parte do típico:

-Tranquila, non te preocupes, que non se acabou o mundo.

-Que vai facer? Non fagas un drama disto.

Claro, era de esperar, como a elas non lles pasara...

Ao tocar o timbre que anunciaba o inicio das clases, eu dinme moitísima présa en chegar á miña clase, para non ter que cruzarme con aquel rapaz.

-Voume ao meu armario mozas -díxenlles a Yaiza e Eva-, vémonos en clase. Ao chegar ao meu armario, abríno e dispúxenme a cambiar os libros da miña mochila polos correspondentes ás dúas próximas horas. Pero alguén me deu un golpeciño nas costas. Xireime. ¡Oh meu deus!

-Ola. Que tal?

Oh non, era el! Case me deu un ataque ao corazón alí mesmo diante dos armarios. -Ben -respondinlle-. E ti?

-Ben. Oe, por que me mirabas tanto no patio?

Agora si que me ía dar un ataque. Por favor... Hai algunha ambulancia pola periferia?

-Por que cres que te miraba a ti? -pregunteille.

-Porque cando te deches conta de que te miraba, xirácheste a toda présa. Bon, vale, pillárame, pero... Era necesario ser tan fachendoso?

-Polo que parece, eras ti o que me miraba a min -díxenlle mentres pensaba.

-Xa... Como te chamas? -preguntoume.

-Ana, e ti?

Que tiña que perder por preguntar? Non me ía pasar nada...

-Marc. Vas a segundo?

-Si.

-Eu a cuarto

Parecíame moi mono e adorable, pero non podía evitar a sensación de que todo aquilo parecía unha broma. Soou o timbre.

-Bon -díxome-, teño que ir á clase ou a Paradís porame unha falta.

-Quen?

-A Carme Paradís, é a profesora máis... Como dicilo? A máis dura que hai en todo o instituto.

-E... por que?

-Porque se non sabes o que quere dicir exactamente en inglés unha palabra, ponche un insuficiente, e cantos máis insuficientes, máis posibilidades de suspender tes.

-Pois que ilusión de profesora.

-Xa che explicarei máis causas dos profesores que che tocarán o ano que vén, vaiche dar algo...

Iso quería dicir que quería volver falar comigo?

-Intercambiamos números? -preguntoume.

-De móbil?

-Claro. Que queres que te chame á casa e o collan os teus pais?

-Claro, tes razón.

Sacou o seu móbil e intercambiamos a información.

-Voume -deume un bico na meixela.- Ata logo Ana.

-Adeus.

Quedeime flipando durante moito intre. Pero caín na conta, ¡EU TAMÉN TIÑA CLASE!

Corrín para pechar o armario, e corrín para a clase. Conseguí chegar a tempo! (Ben!) Pero estiven toda a clase de matemáticas pensando no que me pasara. Fora real? Era todo unha broma? Deus... A maldita intriga estábame matando! Acabáronse aquelas dúas horas interminables, e saín da clase con Yaiza e Eva que insistían en coñecer todos os detalles, pero pola posible vergonza de que todo fose unha broma mostreime bastante reservada. Despedinme delas e fun comer á miña casa. Ao cabo dun intre recibín unha chamada perdida, era de Marc. Á saída do instituto, pola tarde, estábame esperando, e fómonos xuntos. A xente

que nos viu quedou un pouco sorprendida. E empezaron os ruxerruxes. <<A nai de Ana e o pai de Marc están xuntos, e agora son medio irmáns>>. Eran ruxerruxes absolutamente ridículos.

Marc empezou a contarme que lle gustaba unha persoa, pero que non sabía como declararse. Que eran amigos e tal, que o apreciaba... O curioso de todo aquilo é que esa persoa podía ser eu!

Estivo moitísimo tempo dándome a brasa co mesmo ata que aos tres meses ou así me plantei.

-Pois que non sei que facer para que se dea conta de que me gusta -mentres el falaba eu fame enfadando máis e máis-. E non sei que facer porque...

-Xa está, non? -berreille.

-Que? -estaba desconcertado.

-Que me molestas moitísimo con esta leria túa de que non lle gustas e de que non sabes que facer! Déixao xa! Non cres que te debes lanzar dunha santa vez? Vale que sexa a túa amiga, pero levas tres meses co mesmo!

-Síntoo se te molestei.

E nese momento meteuse no instituto. Arrepentida de todo o que lle dixerá, intentei seguilo, pero non puiden, desapareceu.

Fun á miña clase, e durante as dúas horas seguintes non falei nin unha soa vez con Albert. Saín do instituto e intentei atopar a Marc, pero non o logrei. Entón dirixinme á estación de tren, para ir ver aos meus avós. Supúñase que o meu irmán Miguel, estaríame esperando na estación, pero uns minutos antes chegoume unha mensaxe súa:

Ana, non podo ir á casa dos avós en tren contigo. Puxéronme unha clase máis tarde e chegarei unha hora despois de ti. Confío en que sexas responsable e te portes ben, non te equivoques de parada. E avisa aos avós. Un biquiño, Miguel.

O meu irmán que facía segundo de bacharelato, era moi responsable, co cal sempre estaba pendiente do que eu facía.

Mentres camiñaba cara á estación, vin a Marc, sentado nun banco, esperando un dos trens. Certo! Comentárame que ía ir ao centro cívico, por nonseiqué da súa familia. Achegueime a el e senteime á súa beira.

-Síntoo -díxenlle-, fun unha estúpida, non creo o que che dixeran.

-E se non o cres por que o dixeches? -preguntou.

-Non o sei -collinlle a man-. Perdóasme?

-Claro –sorriu-. Porque en realidade tiñas razón. Estívono pensando, e é hora de facelo...

Chegou o noso tren. A que se refería? Subimos e sentamos xuntos.

-A que te refires? -pregunteille.

-É hora de dar o paso, de declararme.

-Pero e como o vas facer?

-Non o teño claro...

-Axúdoche? -pregunteille.

-Claro! -estaba feliz.

-Vale, pero debo saber quen é.

-Ana... Non sexas rexoubeira! -riu.

-Non é rexoubeo, é que non o vas facer igual para unha persoa que para outra.

-Pois... non sei se dicircho.

-Vale, pois un exemplo: se é Julia (loura, alta, lista, simpática...), tes que ser sensible e romántico, porque se vas a saco son ela, asustarala. Entendes?

-Si. Pero é que non sei cando facelo, porque quero que sexa especial.

-Marc, se estades xuntos os dous, calquera momento será especial -díxenlle en ton de boa amiga.

-Vale, -daba a sensación de que estaba un pouco nervioso-. Ana...

-Que?

-A persoa que me gusta é... -estaba moi nervioso- non te asustes vale?

-Vale -a esas alturas xa estaba asustada. Habían posibilidades de ser eu?

-A persoa que me gusta é... o teu irmán Miguel.

- ...

Como!? O meu irmán! Case me desmaio ... Marc é gai! Deus santo, creo que antes de contestar estiven con cara de asustada vinte minutos como mínimo.

-Perdón? –por fin puiden vocalizar- É unha broma verdade?

-Ana, es a miña amiga e te aprecio moito, por iso non me vou enfadar polo último que dixeches -notábaselle un tanto molesto- pero necesito que me apoies nisto ao máximo, vale?

- ...

-Necesito que me fales. E que me digas como podo facer para pedirlle saír.

-Marc... -estaba totalmente desconcertada- Miguel non é gai, síntoo moito.

-Ana, liouse comigo a fin de semana pasada na festa de Carlos -que chamasen unha ambulancia nese momento sería de gran axuda, íame dar algo.

-Como? -estaba demasiado desconcertada para poder berrar.

-Ana, sei que te choca xa que é o teu irmán maior e iso... pero é o que pasou.

-...

-Por que o meu irmán? -pregunteille desconcertada.

-Ti sabes que un non elixe esas cousas. Por exemplo, eses ollos azuis, ese pelo medio louro, eses beizos finos que bican... uff!, e ese sorriso que contaxia.

-Vale -dixen en ton seco.- Que vas facer?

-El non sei, pero eu dicir que si.

Oh non! Era o meu irmán! Detrás noso, alí estaba el. Marc púxose moi nervioso e moi vermello.

-Miguel... -íame dar algo- Desde cando?

-Desde que cortei con Carla. Ana síntoo moito -dixo o meu irmán, que a esas alturas se trasladara dos asentos que tiñamos detrás aos de diante-. Non quería que te decatases así.

-E papá e mamá? -pregunteille.

-Sábeno desde que cumprín os dezaseis -respondeu con ton de alivio, coma se levara moito tempo queréndomo dicir-. Eles pensaron que non o debías saber ata que foses máis maior.

-Vale. Síntoo moito pero non vos creo -díxenlles aos dous.

-Marc... -díxolle o meu irmán a el- Queres ser a miña parella?

Marc estaba máis vermello que un tomate.

-Claro que si -respondeu el.

Entón Miguel achegouse un pouco a Marc, Marc a Miguel, e entón déronse un bicazo en medio do tren. O certo é que foi moi bonito, e romántico. Entenrecinme.

-Que bonito! Como me alegro por vós! -díxenlles cun amplo sorriso na cara.

Marc estaba moi feliz, (en parte por non ter que pedirlle saír el ao meu irmán) pero Miguel si que estaba contentísimo, sobre todo por alegrarme eu por eles.

-Grazas irmanciña -achegouse a min e deume un bico na meixela.

-Non hai por que dalas! Se eu me alegro unha morea! -díxenlles a ambos.

-Grazas Ana -díxome Marc- pero debo pedirche outro favor...

-Dime.

-Podes gardarme o segredo de que son gai? Só o sabedes ti e o teu irmán.

-Evidentemente! -e deille un bico na meixela-. Por certo, que aínda non che dei as grazas por perdoarme tan facilmente. Pensaba que non o farías.

-De nada. Como che ía facer iso?

-Quérote -Miguel, murmuroullo á orela a Marc, pero conseguín oílo.

Marc púxose máis vermello. Nese momento deixei a Miguel que se sentase ao lado de Marc, xa que non quería ver ao meu irmán de dezaoito anos liarse co meu amigo de dezaseis. Funme a uns asentos un pouco máis adiante. E deime conta de que o rapaz que estaba sentado á miña beira era Pol, o que facía natación comigo.

Saudámonos pero el estaba moi cortado. Pregunteille que lle ocurría e díxome que era unha moza que pasaba del.

-Tio, é parva. Ti vicheste? Es un rapaz de dezaseis anos, guapo, moreno, cos ollos verdes, simpático, listo, divertido, e moi especial... (o certo é que Pol era o rapaz perfecto, tíñao todo) así que se é tan parva como para que non lle gustes é que non te merece porque non o entendo...

-Ti cres iso que me dixeches? -preguntou.

-Pois claro!

E nese momento achegouseme, e plantoume o mellor bico que me deran en toda a miña vida!

-Esa moza es ti. -Tiña unha mirada tenra e sincera.

-De verdade?

-Claro. Non notaras as indirectas?

-Pois non. -Mireino aos ollos con cara de arrepentimento por non telas notado.

-Gústasme moito Ana, e se eu a ti non pódemos dicir e seguir sendo amigos.

-Ti a min tamén me gustas moito, Pol -e achegueime aos seus beizos.

Volveume bicar. O certo é que o fixo unhas cantas veces máis.

Baixei na parada de Masnou co meu irmán e os dous despedímonos das nosas respectivas parellas. E de camiño á casa dos meus avós díxome:

-Bon, e que tal o teu día?

-Normal, como sempre. E o teu?

-Tamén.

E os dous seguimos con nosas normais e aburridas vidas, nas que todos os días eran normais. Excepto os dous ou tres próximos, xa que o de que xa saía con Pol vai provocar preguntas, murmurios, chismes, etc. Pero dábame o mesmo xa que tiña claro que eu non llo ía dicir a ninguén, pero tería que ter ao meu irmán moi controlado, porque co que lle gusta presumir...